



DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

Expediente electrónico: 2023/C003/000007

Código da obra: 2020.2102.0375.0

Tipo contrato: obras

Obra: Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)

Asunto: ampliación do prazo presentación de solicitudes ou ofertas

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría

Plan: POS+2020 AD2

Importe: 351236,36 €

FEITOS

1. Logo de ver o expediente que se tramita para contratar a obra:

Proxecto	Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)
Redactor (externo)	Gustavo Vázquez Herrero, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado núm. 17803
Orzamento	351236,36 € (Valor estimado: 290277,98 € e 21 % IVE: 60958,38 €)
Prazo execución	3 meses
Plan	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020 (Plan Único de Concellos), POS+2020 AD2 (POS+2020 AD2)

2. E de ver que no decreto núm. 105/2024 do 22/01/2024 aprobouse o expediente, a apertura do procedemento de adjudicación do contrato de obras, (mediante o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), non suxeito a unha regulación harmonizada, e a tramitación ordinaria), e a aprobación do gasto.
3. Na Plataforma de Contración do Sector Público o 25/01/2024 foi publicado o anuncio de licitación para contratar a obra indicada arriba, coa data límite para presentar ofertas o 20/02/2024.
4. E de ver que se advertiron erro na documentación a incluír no sobre A: *documentación administrativa*, na que se atopa a oferta económica e o plan de Igualdade que deben estar incluídos no sobre C: *oferta económica e criterios avaliados mediante fórmulas*, o que pode prexudicar a dereitos de terceiros xa que as modificacións son significativas ao non poder engadirse a oferta económica no sobre A e sería motivo de exclusión.
5. E de ver que no día de hoxe remata o prazo de formulación de solicitudes polo que as empresas xa tiveron un tempo suficiente para os estudos das ofertas quedando pendente a presentación das mesmas, polo que se considera ampliar o prazo de presentación en 10 días naturais máis.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- 1 Os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei (artigo 136.1 da LCSP).
- 2 As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 da LPACAP).
- 3 Os órganos de contratación as medidas adecuadas para o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.



Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO**:

- 1 Rectificar o erro material advertido no anuncio publicado na PLACSP do procedemento da obra indicada arriba, no referente ao sobre A: documentación administrativa no que se eliminará os criterios que debn ser introducidos no sobre C.
- 2 Aprobar ampliar o prazo de presentación de ofertas por un prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de ampliación do prazo de presentación de solicitudes ou ofertas na PLACSP.
- 3 Publicar este decreto na PLACSP e a ampliación do prazo de presentación de solicitudes ou ofertas de acordo co parágrafo anterior.
- 4 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

Dou fe

O alcalde

A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira
(Documento que se asina electronicamente)

Cristina Alonso Losada